

A prevención e o coidado da saúde supón incorporar hábitos alimenticios equilibrados. Pesca Saúde é un proxecto para a difusión dos beneficios do consumo de produtos pesqueiros e estilos de vida saudables para o benestar da poboación.

Pesca Saúde é un proxecto de cooperación promovido polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) e financiado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Os GALP participantes son: GALP Costa Sostible (grupo coordinador), GALP Ría de Vigo-A Guarda, GALP Ría de Pontevedra, GALP Ría de Arousa, GALP Costa da Morte, GALP Golfo Ártabro Sur e GALP A Mariña Ortegal.

Pesca Saúde alíase coa Estratexia Galega de Saúde Comunitaria 2023-2027 no seu compromiso para o fortalecemento da saúde da poboación e conta co apoio da Dirección Xeral de Saúde Pública (Subdirección Xeral de Estilos de Vida Saudables) da Consellería de Sanidade.

Pesca saúde no mercado e na praza



Pesca Saúde



O noso mar faiche ben



Como participar

Consumir produtos pesqueiros é bo para ti e, con Pesca Saúde, tamén ten premio. Consigue descontos nos establecementos adheridos, participa en sorteos e gozar de demostracións de cociña en vivo.

Vales desconto

- ▶ As persoas que participan en **eventos da campaña** Pesca Saúde reciben **vales de desconto de 5€**.
- ▶ Pódense usar os vales nos **establecementos de venda de produto pesqueiro adheridos á campaña**, que se identifican co distintivo amarelo «Pesca Saúde».
- ▶ O **desconto é automático** unha vez presentado o vale ao realizar o pago da compra.
- ▶ Os vales **non son acumulables**. Só se pode empregar un en cada compra.
- ▶ Pódense gastar **entre o 15 de abril e o 30 de xuño**.



Participa no sorteo dunha degustación de produto pesqueiro nun local de hostalaría para dúas persoas

- ▶ **Xunta ticket de compra** de produtos pesqueiros mercados por un mínimo de 60€. Podes sumar os que precisas!
- ▶ As compras teñen que se realizar **entre o 15 de abril e o 30 de xuño** nos establecementos adheridos á campaña, que podes identificar co distintivo amarelo «Pesca Saúde».

- ▶ **Mete os tickets nos sobres de Pesca Saúde** que atoparás na túa praza ou mercado cos teus datos persoais e introdúceos na urna.
- ▶ O **sorteo** celebrarase nos **showcookings** (eventos de demostración de cociña en vivo). A organización porase en contacto coa persoa gañadora se non están presentes no sorteo.



Showcookings

- ▶ Celebraranse en prazas e mercados **demostracións de cociña en vivo** de elaboración con produto pesqueiro fresco abertos ao público xeral.
- ▶ As **datas e lugares** de realización dos showcooking comunicanrase a través dos medios e redes sociais, así como nos propios espazos de venda do produto pesqueiro.

